




**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Data: 23/09/2021 13:59:38  
**SAIDA** 14730/21






Reclamante:  en representación de 




Expediente. Nº RSCTG 94/2021


Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por  en representación de   mediante escrito do 6 de xullo de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de setembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.**  en representación de   presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 6 de xullo de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a Resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais do 25 de xuño de 2021, pola que se concede o acceso á Resolución de autorización de aproveitamento de recursos da sección A) nomeada "Trinidad" nº 257 do 29 de abril de 1998 e Resolución pola que se amplía o recurso de data do 26 de xuño de 2007, da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de ampliación do recurso de aproveitamento da sección A) denominada "Trinidad" nº 257, situada no termo municipal de Mondoñedo, da que se formalizará o acceso de acordo co disposto no artigo 22 da Lei 19/2013.

O reclamante indicaba que nos anos 2011 e 2012 a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria abriu contra  dous expedientes

sancionadores por incumprir as condicións de outorgamento do dereito mineiro, ao realizar labores mineiros fóra do perímetro autorizado. Con data do 12 de febreiro de 2019, ██████ presenta unha denuncia perante a Xefatura Territorial de Lugo contra ██████ por labores mineiros nas parcelas con referencias catastrais ██████ do concello de Lourenzá (Lugo). A Xefatura Territorial arquiva esta denuncia porque estas dúas parcelas están entre as afectadas polas labores mineiras ilegais, recollidas nos expedientes sancionadores dos anos 2011 e 2012, polo que a ██████ considera que as referidas parcelas nos anos 2011/2012 non contaban coas preceptivas autorizacións da Consellería.

A ██████ solicitou da Consellería consultar a documentación pública relacionada coas autorizacións outorgadas pola Consellería para a realización de actividades mineiras e industriais, que na actualidade se están a realizar nas referidas parcelas para tras a consulta sinalar a documentación que poida ser do seu interese para dispor da correspondente copia.

A Consellería resolveu permitir o acceso á Resolución de autorización de aproveitamento de recursos da sección A) nomeada "Trinidad" nº257 do 29 de abril de 1998 e á Resolución pola que se amplía o recurso de data do 26 de xuño de 2007, da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de ampliación do recurso de aproveitamento da sección A) denominada "Trinidad" nº 257, situada no termo municipal de Mondoñedo.

A ██████ sinala que a documentación á que se lles permite acceder é dos anos 1998 e 2007, nos que a Consellería non tiña outorgado autorizacións para realizar actividades mineiras nas parcelas citadas, como demostra o feito da apertura dos expedientes sancionadores dos anos 2011 e 2012, polo que a documentación pública relacionada coas autorizacións nas citadas parcelas, ten que ser por forza posterior ao ano 2012.

Por outra banda, a documentación á que se lle da acceso está relacionada coa canteira "Trinidad nº 257, situada no termo municipal de Mondoñedo", mentres que a ██████ solicitou documentación relacionada coas actuacións que nas citadas parcelas en Lourenzá (Lugo).

Os escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do DNI do representante.

**Segundo.** Con data 14 de xullo de 2021, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 16 de xullo de 2021.

**Terceiro.-** Con data do 3 de setembro de 2021, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación remite copia do expediente e informe sobre a reclamación presentada.

No informe, en síntese, indica que a solicitude foi trasladada o 20 de abril de 2021 pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais á Xefatura Territorial de Lugo para a súa tramitación e de acordo co informe do 20.08.2021 emitido pola xefa do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial en Lugo consta o traslado aos terceiros con dereitos afectados para formular alegacións, e a presentación, por parte dos terceiros dun escrito de oposición ao acceso. Dado que na solicitude non se facía mención a dereito mineiro algún, a unidade tramitadora interpretou que a información que se solicitaba tíñase que referir á autorización de explotación Trinidad nº257, situada nas inmediacións das parcelas que indicaba o solicitante.

O 28 de xuño de 2021, ditouse resolución favorable ao acceso á información, se ben dado que existiu oposición dos terceiros, o acceso queda diferido de acordo co disposto no artigo 22.2 da Lei 19/2013.

No informe faise constar que con data do 30 de xullo de 2021 a mercantil [REDACTED] presentou escrito de interposición de recurso fronte a resolución do 28 de xuño de 2021, que foi trasladado a esa Comisión.

A vista do exposto, en conclusión, cabe dicir que dado que o acceso á información solicitado pola reclamante xa foi concedido, non hai motivo para a reclamación, sen prexuízo de que o reclamante poida facer unha nova solicitude de acceso a información a outros expedientes ou documentos concretos nos que poida constar a documentación cuxa consulta interesa.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que a resolución impugnada ditouse con data do 28 de xuño de 2021, e a reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia tivo entrada o 6 de xullo de 2021, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A [REDACTED] solicitou acceso ás autorizacións outorgadas pola Consellería de Economía, Empresa e Innovación para a realización de actividades mineiras e industriais, que se están a realizar en dúas parcelas catastrais que identifica perfectamente a través da súa referencia catastral e o Concello no que se atopan, (Lourenzá).

Alega a [REDACTED] que a resolución que a Consellería emite sobre a solicitude, lle da acceso a documentación que non se corresponde co solicitado, por canto se concede o acceso a unha Resolución de autorización do ano 1998, ano no que a Consellería non tiña outorgado autorizacións para realizar actividades mineiras nas parcelas obxecto de solicitude, que queda acreditado polo feito de que lle abriu expedientes sancionadores nos anos 2011 e 2012 por carecer de autorización, polo que as mesmas deben ser, como mínimo do ano 2012. Por outra banda, lle da acceso a unha resolución sobre un recurso de aproveitamento situada no termo municipal de Mondoñedo, cando sobre a que solicitou a [REDACTED] esta situada en Lourenzá.

O informe remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais á reclamación presentada, limítase a relatar a tramitación do expediente de solicitude de acceso á información, e a concluír que a solicitude foi resolta de xeito favorable, polo que non hai motivo para a reclamación, sen pronunciarse sobre as alegacións contidas no recurso, e nas que a [REDACTED] considera que a información á que se lle dá acceso non é a solicitada, por

cando se lle concede acceso a autorizacións do ano 1998, cando considera que as solicitadas deben de ser necesariamente posteriores ao 2012, polos motivos expostos (apertura de expedientes sancionadores por falla de autorización nos anos 2011 e 2012) e porque se lle dá acceso a unha resolución sobre un recurso de aproveitamento situada no termo municipal de Mondoñedo, cando a solicitada atópase en Lourenzá.

A falla deste pronunciamento pola Dirección Xeral non pode senón chegar a concluír que a información á que se lle concede acceso, non é a solicitada. Procede por tanto que pola Dirección Xeral se conceda o acceso á documentación pública relacionada coas autorizacións outorgadas pola Consellería para a realización de actividades mineiras e industriais, nas parcelas con referencias catastrais [REDACTED] no Concello de Lourenzá, e no caso de non existir esa documentación pública, a resolver indicando a súa inexistencia, e respectando en todo caso as previsións establecidas no artigo 22.2 da Lei 19/2013 respecto do acceso á mesma nos casos de existencia de oposición por terceiro.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión de Transparencia

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada [REDACTED] contra a Resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais do 25 de xuño de 2021, pola que se concede o acceso á Resolución de autorización de aproveitamento de recursos da sección A) nomeada "Trinidad" n° 257 do 29 de abril de 1998 e Resolución pola que se amplía o recurso de data do 26 de xuño de 2007, da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de ampliación do recurso de aproveitamento da sección A) denominada "Trinidad" n° 257, situada no termo municipal de Mondoñedo.

**Segundo:** Instar á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, resolva a petición de información solicitada no senso establecido no fundamento quinto desta resolución, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a que, finalizado o prazo fixado polo artigo 22.2 da Lei 19/2013, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses,

contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por  
76706870F MARIA DOLORES  
FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2021.09.23 13:22:46 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**